

PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO

A Reconquista da cidade de Vigo aos franceses

4. A axuda inglesa chega á Península

Tras a represión do 2 e o 3 de maio, os franceses desbaratan o goberno lexítimo en España, e as entidades locais non se sinten representadas por José I Bonaparte.

Por outra banda, o equilibrio de forzas ten variado, e agora, os ingleses "voltan ser amigos". O restablecemento das relacións comerciais resulta beneficiosa para os vigueses.

Ante a falla de representatividade, as Xuntas locais e provinciais inician, directamente, relacións diplomáticas cos ingleses, ao enviar a Londres embaixadores. Como resultado, o goberno inglés designa a Ría de Vigo como o mellor escenario para desembarcar tropas, dar abrigo á flota e abastecer de pertrechos aos guerrilleiros galegos. Así, comencan a chegar á Ría navíos ingleses en escala cara a Portugal, onde están a loitar contra os franceses comandados por Junot.

O XENERAL MOORE CHEGA Á PENÍNSULA

John Moore desembarcara en Lisboa o 24 de agosto de 1808, cun exército de case 20.000 homes, coa misión de unirse aos españois, que loitaban no Norte de forma illada e anárquica ao mando de xenerais como De la Romana ou Blake. Ás súas forzas, sumáranse outros dez mil homes, que desembarcaron na Coruña baixo o mando do tenente xeneral David Baird. O plan inglés pretendía combater a Napoleón na fronte occidental, debilitar as súas forzas e, sobre todo, afastar a guerra de solo británico.

Moore é un home xuízoso e sensato, curtido na Guerra de Independencia de EEUU, en Irlanda, no Mediterráneo, en Suecia e nas Indias Occidentais. É, ademais, valorado polos seus homes pois, a diferenza de Napoleón, a quen nunca lle importou sacrificar aos seus efectivos por miles para acadar unha victoria, ten sona de coidar das súas tropas e ser xusto.

Cando Moore entra en España, o 11 de novembro, vese incapaz de reunir a todo o seu exército, así como de contactar co Marqués de la Romana, que comanda as tropas españolas dispersas polo Norte. Recibe, iso si, constantes mensaxes de intelixencia, case todos erróneos.

As tropas de Moore están mal equipadas e teñen a desvantaxe de que viaxan coas súas mulleres. Aínda que hoxe resulte raro, os oficiais e suboficiais británicos ían acompañados das súas esposas, que marchaban en caravanas na retagarda.

NAPOLEÓN PERSEGUE A MOORE

O 19 de decembro, Napoleón en persoa, vendo a posibilidade de esmagar aos británicos, decide saír de Madrid xunto ás tropas do mariscal Ney, á caza do xeneral escocés, cruzando a neve do Guadarrama.

Moore, en condicións terribles, nun inverno durísimo, emprende a retirada cara a Galicia. O repregamento de Moore convértese nunha carnicería. O mariscal Sault, que viña cun exército de 16.000 homes tras os británicos, vai esmagando a retagarda. Os enfermos, as mulleres, os nenos, todos os que quedan atrás son masacrados. Despois, as unidades máis pesadas, boa parte da artillería, as tropas menos rápidas, van sendo eliminados polas avanzadas

de húsares e **voltigeurs**. Detrás, o exército de Ney achégase con outros 9.000 homes.

Na súa retirada hacia Galicia, Moore segue un camiño errático: entra en Salamanca; logo, cruza o Douro en Zamora e segue en dirección hacia León; vadea o Douro en Tordesillas e chega a Sahagún; continúa hacia Benavente e Astorga, e se dirixe a Villafranca do Bierzo.

MOORE ENTRA EN GALICIA

O 1 de xaneiro de 1809 comeza a entrar en Galicia a vangarda do exército de Moore, que chega totalmente esnaquizado pola falta de víveres, as marchas forzadas, o acoso francés e o inverno implacable. O paso do Cebadón e as montañas dos Ancares foron unha auténtica tortura. As baixas multiplícanse. O seu destino é Vigo, o porto que Londres designou para a retirada das súas tropas de volta a Inglaterra. Pero, nestes últimos días de decembro de 1808, o xeneral británico muda de plans e decide dirixirse a Coruña para a evacuación. Pero, antes de cruzar o Cebreiro, envía a unha parte dos seus homes cara ao Sur.

Así, mentres o groso das tropas de Moore avanza cara ao Norte, unha columna, integrada por case 3.500 homes, diríxese a Vigo. Trátase das brigadas lixeiras de Von Alten e de Craufurd, que percorreren un penoso camiño ata alcanzar a costa viguesa no mes de xaneiro de 1809.

Baixo choivas e nevaradas, as tropas de John Moore seguen a súa marcha ata Lugo, onde se fan fortes e aproveitan para tomar un mínimo descanso, entre tantas penalidades.

A DIVISIÓN CRAUFURD CHEGA A VIGO

Na segunda semana de xaneiro de 1809 comezan a chegar a Vigo as avanzadas da División Craufurd, que veñen con novas ordes para a flota que espera na ría. Deben saír con rapidez con dirección a Coruña, onde espera o exército de Moore para ser evacuado a Inglaterra.

A flota partiu en condicións meteorolóxicas terribles, o que a demorou á altura do cabo Fisterra, co que os primeiros buques non chegaron a Coruña ata o 14 de xaneiro, día en que comezou o embarque de británicos.

A BATALLA DE ELVIÑA

Moore chegará a Coruña o 11 de xaneiro. Tres días despois, logrará embarcar a 3.000 enfermos nos primeiros barcos que chegan desde Vigo. Pero o atraso dos transportes obrígalle a facerse forte na praza herculina, mentres Soult toma posicións na bisbarra, disposto ao ataque final. Das súas tropas iniciais, hai que descontar aos 3.500 homes de Craufurd. Ademais, durante o penoso traxecto cara a Galicia, perdera a case cinco mil, unha cifra que fala da extrema dureza da marcha cara ao Noroeste. Así que só lle quedaban uns 14.000 efectivos para enfrontarse aos franceses, máis numerosos e mellor equipados.

O 16 de xaneiro comezará a batalla de Elviña, na que morrerá o propio Moore.

1. **Le o texto anterior.**

2. **Contesta:**

- Que consecuencias tivo para Vigo a visita a Londres dos embaixadores galegos?
- Que finalidade tiñan os ingleses cando decidiron desembarcar na Península Ibérica e intervir na Guerra?
- Enumera catro razóns polas cales a expedición de Moore resultou un rotundo fracaso.
- Despois de ler todo este relato, que nefastas consecuencias tivo para Galicia, e en concreto para Vigo, a expedición do xeneral Moore?

3. Quen eran os **húsares** e os **voltigeurs**?

Podes buscar información no seguinte enlace:

<http://www.lavozdegalicia.es/vigo/2008/11/04/00161225821763826939655.htm>

4. **No mapa adxunto, sinala a ruta seguida por Moore** e as súas tropas dende que desembarca en Lisboa ata que voltan embarcar na Coruña e en Vigo.